

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONCELLO E PROTECCIÓN CIVIL DE CARBALLO PARTICIPAN NA CAMPAÑA DE ADOS “SÚMATE AO NOSO EQUIPO” CO OBXECTIVO DE SUPERAR AS 1.156 DOAZÓNS DO ANO 2020**

- Carballo ten un índice de 37 doazóns por cada 1.000 habitantes e ano, polo que o obxectivo da Axencia pasa por aumentar o número de doazóns e renovar a actual base de doantes neste municipio.

**Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2021.-** O concello de Carballo e a Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS), en colaboración con Protección Civil deste municipio coruñés, están a promover o desenvolvemento da campaña “Súmate ao noso equipo” que achega o solidario xesto da doazón de sangue a todos os recunchos da xeografía galega. A iniciativa foi presentada esta mañá nunha rolda de prensa que tivo lugar na Casa do Concello de Carballo, e que contou coa presenza do seu alcalde, Evencio Ferrero, e o xefe do área de sangue e compoñentes sanguíneos de ADOS, Carlos Areal Méndez.

A solidariedade dos veciños e veciñas de Carballo no 2020 reflíctese nas 1.156 doazóns rexistradas nun ano que estivo condicionado polas particulares circunstancias derivadas da pandemia pola COVID-19.

Desde ADOS queren salientar o seu máis sincero agradecemento tanto á corporación municipal como a Protección Civil e a toda a veciñanza deste concello coruñés, polo seu apoio e compromiso durante estes meses e solicitar a súa activa participación nesta campaña que abrangue os meses de xuño a setembro e por en valor a taxa de 37 doazóns por cada 1.000 habitantes e ano acadada por Carballo.

O obxectivo de “Súmate ao noso equipo” pasa por acadar entre 400 e 500 doazóns diarias, precisas para garantir o axeitado desenvolvemento do intenso labor asistencial dos nosos centros hospitalarios.

#### **Campaña na Praza do Concello**

A unidade móbil de ADOS estará na Praza do Concello os días 5 e 6 de agosto das 10:00 ás 14:00 e das 16:00 ás 21:00, así como o sábado 7 de agosto das 10:00 ás 15:00 horas, para atender a todas as persoas que desexen participar nesta campaña en colaboración coa corporación municipal e Protección Civil de Carballo, coa que se está a distribuír información entre a veciñanza destinada a promover este acto solidario, así como emitir unha megafonía para incentivar a participación. ADOS lembra que para doar sangue, debemos ter máis de 18 anos, pesar máis de 50 quilos e non padecer ou ter padecido enfermidades transmisibles polo sangue.

Así mesmo, a Axencia lembra que pon a disposición da cidadanía a súa web <http://ados.sergas.gal>; o enderezo de correo electrónico, [doadoressangue.ados@sergas.gal](mailto:doadoressangue.ados@sergas.gal); o teléfono de información gratuíto 900 100 828, no que ademais para maior comodidade e evitar períodos de espera, podemos solicitar cita previa para doar; e as súas páxinas en redes sociais como xeito de comunicarse con ADOS ou resolver calquera dúbida relacionada coa doazón.

#### **Saúdos do Gabinete de Comunicación da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue**

## EVOLUCIÓN NA BISBARRA DE BERGANTIÑOS

A evolución das campañas de doazón de sangue no pasado ano 2020 estivo condicionada polos efectos das medidas para frear a pandemia da COVID-19. Na bisbarra de Bergantiños houbo un descenso do 19,8% pero o concello de Carballo acadou un índice de 37 doazóns por cada 1.000 habitantes e ano.

BISBARRA	CONCELLO	DOAZÓNS 2020	TAXA DE DOAZÓN	HABITANTES
<b>BERGANTIÑOS</b>		<b>2.324</b>	<b>35/1.000</b>	66.840
	<b>CABANA DE BERGANTIÑOS</b>	<b>71</b>	<b>17/1.000</b>	4.216
	<b>CARBALLO</b>	<b>1.156</b>	<b>37/1.000</b>	31.429
	<b>CORISTANCO</b>	<b>179</b>	<b>30/1.000</b>	5.950
	<b>A LARACHA</b>	<b>508</b>	<b>45/1.000</b>	11.406
	<b>LAXE</b>	<b>86</b>	<b>29/1.000</b>	2.990
	<b>MALPICA DE BERGANTIÑOS</b>	<b>119</b>	<b>22/1.000</b>	5.352
	<b>PONTECESO</b>	<b>208</b>	<b>38/1.000</b>	5.497

